

## A ALFÓNDIGA OU PÓSITO OURENSÁN

*Olga Gallego Domínguez*

### 1. INTRODUCCIÓN

O concepto de *pósito* variou co paso dos séculos, ó igual que os seus fins e as suas funcións. O Dicionario de Autoridades de 1737 dá como principal acepción a de "casa en que se guarda la cantidad de trigo que en las ciudades, villas y lugares se tiene de repuesto y prevención, para usar en tiempo de necesidad y carestía". En realidade, e como recollen outros autores, o socorro dos labregos constituía a sua actividad.

Os historiadores da nosa economía non lle prestaron demasiada atención a esta institución e é moi pouco o que sabemos dos de Galicia.

Os pósitos lograron adecuarse ó paso dos tempos. Apareceron con fins fundamentalmente asistenciais nun intre en que os máis favorecidos tiñan a ben fundar memorias pías, capelanías, beneficios, etc. con parte dos seus bens. Entre esas fundacións foi frecuente a creación de alhóndigas, alholíes, pósitos ou cambras, montes de piedade, etc. como así se lles chama na R. Cédula de 15-I-1806, aínda que con características non comúns.

Nos seus comezos e ata fins do século XVI estas institucións atendían exclusivamente polo medio de panadeiros ó aprovisionamento dun lugar, dos camiñantes e dos pobres labregos.

No século XVIII parece que primaba o repartimento de grans ós labregos e, tamén, a aplicación polas xusticias dos fondos a outras actividades distintas á da sua orixe (dotación de mestres e médicos, construción e reparación de pontes, camiños e igrexas e outros edificios públicos, etc.).

No século XIX estas institucións consolídanse como entes de crédito agrícola.

A principio do século actual unha Circular de 4 de xullo de 1907 ordeinou a venda de todolos grans e das paneiras que os custodiaban dende

había séculos e no ano 1910 procedeuse á venda dos edificios en pública poxa.

A *orixe dos pósitos* non é ben coñecida. Parece que existían xa no século XIV como fundacións piadosas, pero non acadaron importancia ata a época dos Reis Católicos. O paso do tempo demostrou a valía destas fundacións para loitar contra a fame nos intres de escaseza. Deberon contribuir ó seu crecemento a actividade de personalidades coma o Cardeal Cisneros ou Belluga, o apoio dos concellos como patróns da administración deles, as vantaxes que ofrecían para garantir o abasto de pan nunha economía autárquica, o apoio dos reis, etc. O crecemento foi tal que se dan como existentes no ano 1558 máis de 12.000 pósitos. Durante o século XVII e primeira metade do XVIII decreceron de forma que no ano 1751, cando se crea a Superintendencia deles, os pósitos municipais eran 3.371. A partir deste intre comeza a época máis brillante destes establecementos. En 1773, chegaron a 8.090 pósitos (5.225 máis 2.865 píos). Dende este ano a cifra mantense constante practicamente, pero do que non hai dúbida é do descenso paulatino e ás veces traumático que sufriron estas institucións como consecuencia da política facendística de Carlos IV, que veu a agravar máis o desenvolvemento da crise de subsistencia dos anos 1802 a 1806. Foron as exaccións que dende 1798 esixiu o Estado, con cargo ós alfolís, para sufragar parte do déficit crónico, o que levou a moitos deles a ruína, xunto coa deficiente administración deles e a imposibilidade de cobrar as débedas atrasadas.

Os anos seguintes deste século ven un descenso espectacular por causas moi diversas. A falta de fiscalización polos concellos e autoridades centrais, os abusos administrativos das xuntas e concellos, a deprimida conxuntura económica, as guerras de independencia e carlista, as duras exaccións extraordinarias estatales, a lacra dos debedores insolventes e a súa falla de rendementos foron os factores responsables do seu afundimento na primeira metade do XIX.

A partir do ano 1861 prodúcese unha recuperación promovida pola *Dirrección General de Administración Local* e o *Reglamento de 1878* permite que estas institucións cheguen ó século XX con poucos cambios con respecto á 1861, pero cuns fondos máis saneados, debido a diminución da carga fiscal e pola incorporación dos bens dos pósitos píos ó manterse unha política que preconizaba a reunificación, e, por último, unha mellor administración como consecuencia das medidas sancionadoras dese regramento. En 1929 un R. D. de 27 de decembro, esixe que todo municipio de poboación non superior a 5.000 habitantes e riqueza exclusiva ou preponderantemente agrícola, quede obrigado ó establecemento dun pósito. O Regramento do ano 1955, actualmente en vigor, pon de manifesto o papel que o Decreto de 1929 tivo na recuperación dos pósitos.

A *distribución xeográfica* dos pósitos sitúa as provincias interiores casteláns e andaluzas como as que contaban con maior número deles, arredor de 1750. Segundo Anes, pola contra, eran inexistentes en Galicia, Asturias, País Vasco e Navarra, e moi escasos na Coroa de Aragón, pola súa posibilidade de abastecerse de grans polo mar.

A súa utilidade, hoxe en día, tendo en conta a existencia de suficientes entidades de crédito a nivel local, resulta a todas luces discutible.

*Administración dos pósitos.* Felipe II é o primeiro monarca que intentou regulamentar a situación administrativa dos pósitos, que dende 1584 ata 1751 estiveron a cargo do *Consejo de Castilla*. Os pósitos píos tiveron ás autoridades eclesiásticas como fiscalizadoras. Ata o XVIII, Audiencias e *Chancelerías* entendían con aquel nos asuntos dos pósitos.

Fernando VI, por R. D. de 16-III-1751 creou o cargo de *Superintendente General* de todos os pósitos do reino, relevando ó *Consejo de Castilla*, e unha *Contaduría General de Pósitos*, dependente da Superintendencia. A Guerra da Independencia supuxo o abandono destas institucións nas mans das Diputacions Provinciais e Concellos. No ano 1814 restablécese a situación anterior a 1808 (*Contaduría General de Pósitos* e *Consejo de Castilla*). A revolución liberal, tralo pronunciamento de Riego, provocou, en teoría, que os pósitos caesen na órbita do Ministerio de Gobernación. De novo a reacción absolutista de Fernando VII reflectiuse na antiga dependencia do *Consejo*. Definitivamente, en 1836, o Ministerio de Gobernación tomou baixo os seus coidados estas institucións, delegando nos gobernadores provinciais gran parte das funcións. No ano 1906 o Ministerio de Fomento faise cargo do servizo de pósitos e, no ano 1922, pasou ó Ministerio de Traballo. No ano 1929 transferiuse ó Ministerio de Economía, que dende 1931 se denominou de Agricultura.

A administración provincial destas institucións estaba nas mans dos Correxedores ata a Constitución de 1812 que puxo as funcións de vixilancia e inspección delas nas mans das Diputacións Provinciais, salvo os vaivéns conseguintes ós cambios políticos, voltando en 1836 ás Deputacións e ós gobernadores provinciais.

Na esfera local é preciso acudir ás ordenanzas e constitucións fundacionais dos distintos pósitos para coñecer a institución da que dependían.

A Pragmática de 1584 é a primeira disposición legal que da facultades de intervención na administración dos pósitos municipais ós correxedores, mais no século XVII non se cumpre a normativa con rigor.

Os pósitos píos foron regularizados por unha R. Cédula de 15-I-1806, pois antes rexíanse polas normas fixadas nas súas constitucións e ordenanzas. As súas contas debían ser enviadas á *Contaduría General*. Dende

1836 os concellos recibiron a administración de todos los alfolís, sen distincións.

Na administración municipal dos pósitos sobrancean o maiordomo ou depositario e o escribán, nomeados polo concello, que se encargan da administración e de dar fe do movemento deles<sup>1</sup>.

### 1.1. *A alfóndiga da cidade de Ourense*

*Fontes e Bibliografía.* A carencia de fontes é notable, pese a importancia deste establecemento da cidade, pois só se conserva documentación fragmentaria no AHPOR, sección Municipal, e documentos dispersos en protocolos notariais. "*Memoria del trigo que se vendió en la alhóndiga de Orense en 1591, siendo mayordomo Alvaro Rodríguez*"<sup>2</sup>; "*Libro de razón del pan del año 1598*"<sup>3</sup>; "*Cuentas de 1603-4*"<sup>4</sup>; "*Libros de cuentas de 1654 a 1817 (fragmentarios)*"<sup>5</sup>; "*Cuentas del Pósito del año 1627*"<sup>6</sup> e "*Cuentas del Pósito de 1631*"<sup>7</sup>.

A bibliografía é moi escasa tamén.

Trataron este tema Manuel Martínez Sueiro<sup>8</sup>, Cándido Cid<sup>9</sup> e Olga Gallego Domínguez<sup>10</sup>.

*A fame e a peste.* A cidade tiña unha gran necesidade de un establecemento deste tipo para controlar e regularizar o mercado do pan e do trigo, que non se colleitaban nin na cidade nin nos seus arredores, de aliviar as necesidades dos pobres nos intres de escaseza de alimentos e, polo tanto, dos prezos abusivos que da carestía se derivaban, pois as fames e pestes foron moi frecuentes tanto na idade media como na moderna e traducíanse na escaseza de mantementos, sobre todo de trigo e centeo.

Antes da creación da alfóndiga o mercado do gran estaba nas mans dos mercaderes, de rexedores e xentes poderosas con rendas cuantiosas

1.- FERNÁNDEZ HIDALGO, M<sup>a</sup> del Carmen. GARCÍA RUIPÉREZ, Mariano. *Los pósitos municipales y su documentación*. Madrid. Anabad. 1989.

2.- AHPOR. Caixa 5885. Pleito entre Ana Rodríguez con el canónigo Juan Pérez de Nóboa sobre la herencia del canónigo Francisco Rodríguez.

3.- AHPOR. Municipal. Ourense. Caixa 121

4.- AHPOR. Municipal. Mazo de escrituras de 1603-4, Libro 195, f. 143 y sig.

5.- AHPOR. Municipal. Ourense. Caixa 121.

6.- AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez de Herrera. 1627, f. 348.

7.- AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez de Herrera. 1631, f. 777.

8.- "Instituciones cristianas populares de Orense. Pósitos. Montes de Piedad. Capital para pago de contribuciones. Protección del arbolado. Dotación de maestros de niños". *Boletín del Círculo Católico de Obreros*. T. I, abril-mayo 1904, n° 10, p. 78 y sig.

9.- "Alhóndiga o pósito de Orense". *BCMO*. IX, p. 270, 286 y 307.

10.- "La peste en Orense desde el siglo XIV al XIX". *BA*, T. III, 1973.

(Gregorio de Puga, en 1522; Rodrigo de Moure, rexedor, en 1531; Rodrigo de Malburgo, en 1544; Pedro Rodríguez de la Morera, rexedor, de 1537 a 1544; o rexedor Francisco Rodríguez, fillo do anterior, en 1544 e 1548; en 1551 e 1568, o Racioneiro da Catedral, Febos Rodríguez, prestan e venden moito pan, etc.

A *lexislación* que tenta resolver o problema é moi abundante, como pon de manifesto a *Novísima Recopilación*. En 1539 prohíbese comprar pan para revender. En 1548, D. Carlos faculta ós pobos para tomar ós arrendadores a metade do pan do seu arrendamento para a provisión do comercio. No ano 1571, unha Pragmática de Felipe II prohíbe amasar e vender pan cocido ós que non sexan panadeiros e mercar gran para revender. En 1582 prohíbese mexturar o trigo con centeo e demais sementes e adulteralo.

As *actas e ordenanzas municipais* da cidade continuamente fanse eco deste problema, das trapacerías dos mercaderes, dos que tiñan rendas de gran, das protestas e peticións de forneiras e panadeiras, e dos medios que utilizaban para resolvelo<sup>11</sup>.

11.- As Ordenanzas de 1-II-1433 dispoñen que as panadeira "dian pan trigo cozido, que seja boo e linpo e de peso, segundo que esta ordnado polo conçello antigamente", so pena de quitarlle o paan e perder a "paandería" (Ferro Couselo, Jesús. *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo. Edit. Galaxia. 1967, t. I, núm. 84).

As de 26-II-1441 fixan o prezo do pan e do trigo (Ferro. *Obr. cit.*, t. I, núm. 123).

As de 19-X-1443 mandan que nin rexedores, xuíces, procurador nin notario do concello, nin as súas mulleres "usasen da paandería de pan cozer" (Ferro. *Obr. cit.*, t. I, núm. 88).

As de 26-II-1458 confirman outras que "antigoamente estaua ordenado por cabiido et conçello que persona algua non fose ousado de dar pan aos labradores de fora, saluo aos da çidade, su çertas penas et so pena descomuyon" (Ferro. *Obr. cit.*, núm. 148).

No século XVI contamos con moitas testemuñas sobre estes feitos.

No ano 1548(AHPOR. Municipal. Ourense. Acordo do 20-IX) a R. Audiencia condenou ó mercader Luis de Acebedo, vº de Ourense, en 400 reais por comprar pan "a renuevo", dos cales entregaría á xustiza da cidade 200 para que os repartise entre os moitos pobres enfermos que morrían de fame.

Neste mesmo ano, o rexedor Francisco Rodríguez, fillo de Pedro Rodríguez de la Morera, rexedor que fora tamén da cidade, vende moito pan, ó igual que no ano seguinte e en 1550 (AHPOR. Protocolo de Juan Fernández. 1551, f. 47).

O ano 1555 (AHPOR. Municipal. Ourense. Acordo de 7-II) o concello ordena que se merque o centeo en gran por medida, pois algunhas persoas traíano a vender á ollo en costais, sen querelo medir, e o mesmo que a fariña de trigo e centeo se pese nos pesos públicos.

No ano 1563 (AHPOR. Municipal. Ourense. Acordo do 26-III) había problemas en razón da taxa feita polo Gobernador do Reino nunha Provisión na que se fixaban os prezos do trigo, centeo e millo, dado que a medida de grns en Ourense era distinta á de Santiago, polo que foi preciso ir a Santiago a contrastar as medidas. O mesmo día, o Procurador Xeral, Bartolomé Sotelo, requiriu á xustiza e rexeemeento para que mandase recontar o pan que había na cidade e para que o mandasen vender ós veciños conforme a taxa e non permitiran sacalo fóra da cidade.

No mes de abril (Acordo do 4) seguía a escaseza de centeo, plo que o concello manda ó Procurador Xeral e a Alvaro de Gaibor, veciños de Ourense, a mercar ata 2.000 fanegas de centeo, traelo á cidade e repartilo entre os que máis o precisasen.

As disposicións sobre ó peso e ós prezos de venda do pan son continuas, así como as da cualidade ("bien sacado del agua y salvado")<sup>12</sup>.

Mais o encargo non foi moi doado, pois algunhas persoas resistíanse a vendelo e non querían abrir as tullas do pan. Por iso foi preciso que o concello nomease un escribán que os acompañase a mercar o pan.

12.- No ano 1570 (Acordo do 15-XI), vendíase a fanega de centeo na feira do sete, a 13 e a 125 reais; a de trigo "barbilla" fina, que era castelán, a 2 ducados e o que non era tan bó, a 18 e 19 reais, e o trigo da terra, a 15 e 16 reais, pero se era bó en serodio valía máis (AHPOR. Municipal. Ordenanzas, f. 159 v.).

No ano seguinte as panadeiras perdían diñeiro e piden que se lles aumente o prezo de venda do pan centeo (AHPOR. Municipal. Orense. Mazo de escrituras. Libro 177, f. 28).

Co gallo da fame que sufriu a provincia no ano 1574 por escaseza de colleitas, o rei quixo abastecer de pan de Andalucía, obrigando a que o recibisen polo mar, pero o Concello mandou á Corte un procurador para que lle fixese ver que esta provincia distaba máis de 50 legoas do porto en que debía desembarcar a fariña e saería moito máis barato traelo de calquera punto de Castela (Fernández Alonso, Benito. "Efeméridse". BCMO. t. VIII).

Ese ano de 1574, o bispo prestara a cidade 1.000 escudos para aprovisionarse de pan para ese ano pola necesidade "que al presente se senifica". O Correxedor, Lcdo. Vargas de Santo Isidro, os rexedores, procurador xeral e algúns veciños obríganse a pagalos como fiadores (AHPOR; Protocolo de Juan Soto. 1574, f. 177).

Neste ano, a cidade comprara pan e trigo para repartilo entre os veciños e habilitouse unha sala do Hospital de San Roque para almacenalo. Juan de Nóvoa de Puga ocupouse de carretalo, medilo e beneficialo durante tres meses, asistir a medir o pan nas tullas, dalo ás panadeiras, recibilo cocido no peso da cidade, repartilo na reixa e dar a conta cada día ó maiordomo e vender o trigo, en todo o cal deu de ganancia á cidade 5.010 reais. Pide que lle paguen polo seu traballo 100 ducados (AHPOR. Municipal. Ourense. Mazo de escrituras de 1576, f. 199).

No ano 1577, o Correxedor, Lcdo. Ladrón de Peralta, regulamenta o peso do pan porque ás pezas máis grandes botábanlles moita auga e non se podían cocer ben e había engano. Notificóuselle a nove forneiras, que protestan e piden que recaia nas panadeiras o problema (Acordo do 23 de agosto).

En 1598, había moita necesidade de pan na cidade e o 29-IV o concello acorda que do pan secuestrado que se trouxera de fora e que non sexa da alfóndiga se cozan cada día 6 fanegas e que se dean ós soldados italianos e ós demais pobres.

O 6 de maio acordan que do pan secuestrado por Luis Antonio de Nóvoa ós veciños se socorra ós pobres necesitados e vergonzantes.

O seguinte día 10 mandan recoller o pan e trigo que a R. Audiencia mandara por provisión real que se dera á cidade, ó maiordomo da alfóndiga, Martín Rodríguez, que levaría todo o diñeiro prestado por Diego Rodríguez Pungín.

O día 22 o concello manda cocer cada día 8 fanegas de centeo da alfóndiga e vendelo ós pobres cocido e non en gran. O día seguinte, a R. Audiencia envía un correo para que o xuíz de comisión do pan dea á cidade 200 fanegas de trigo para sustento dela e que se escriba ó Gobernador para que mude os soldados que estaban aloxados nela, pois a cidade estaba moi castigada.

Este ano foi un dos máis terribles da vida da cidade: "la alhóndiga no tiene pan, no hay dinero, hubo mucha hambre y se espera haya más. Diego Rodríguez Pungín, vº de Ourense, prestó 1.000 ducados para la provisión de la alhóndiga y ahora lo pide. También falta la sal y quitan las penas al que traiga sal de Portugal" (Acordo de 8 de xuño).

Por acordo do 13 do mesmo mes, mándaselle dar ós franciscanos, que eran máis de trinta frades e estaban en moita necesidade pola fame e esterilidade que había, 200 reais e ós soldados, 250 libras de vaca e castrós e 3 carneiros. Polo acordo do 16, das 134 fanegas que viñeran á cidade mandan que se repartiran por miúdo entre os veciños e ós pobres e viúvas, 30 para o Cabido da Catedral, beneficiados e crégos da cidade, 4 para o Hospital, 4 para San Francisco, a 54'5 reais. Na sesión do día 20 acordan que non se lle dea o pan ó Cabido, posto que non o había, e si había moitos veciños pobres e viúvas pobres que tiñan necesidade de ser provistos. Houbo votación sobre o tema e decidiuse darllo ó Cabido.

Este é a grandes rasgos o panorama da escaseza de pan e, polo tanto, da fame que sufrían, sobre todo, os máis desfavorecidos, o da picaresca que ó seu arredor se creaba e a necesidade de regular o abastecemento en toda a Idade Moderna.

No ano 1599 (acordo de 22 de xaneiro) mándase escribir a D. Martín de Córdoba para que cento e pico de fanegas de pan que estaban na súa xurisdicción as dese á cidade para a alfóndiga, "atento la gran necesidad que hay de pan". Tamen houbo que comprar trigo e centeo en terra de Bergantiños, Santiago e seus arredores (AD. Protocolo de Francisco Ares. 1599, f. 24).

No ano 1618 (Acordo do 8 de marzo), o P. Predicador de San Francisco, Fr. Juan Hermosa, preséntase no concello de parte do P. Gardían e faille saber a moita necesidade de pan que tiñan, porque había moitos pobres e que cada día acudían a San Francisco máis de douscentos e que era forza darlles esmola e por ser orde mendicante non tiñan con que facelo. Pide que lle dean algún centeo para o sustento dos pobres e se lles prestase ata outro ano. A resposta tivo que esperar ata a seguinte sesión en que tratarían o asunto.

En 1632, segundo expoñen nun poder dado polo correxedor, Dr. Pedro de Angulo, e polos rexedores, había falta xeral de pan na provincia e non se puido prover o Pósito, porque o pan que se colleira ese ano "lo han recogido las personas ricas y poderosas, así eclesiásticas como seglares y mercaderes para venderlo después a excesivos precios". Por iso acordan escribir ó Rei para que dea provisión a unha ou máis persoas para ir compralo pola provincia e obrigar á que o vendan á taxa (AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez de Herrera. 1632, f. 10).

Volve a fame no ano 1681 e a cidade pide ó Marqués de Villafiel, Gobernador e Capatán Xeral de Galicia, que dese orde para que a cidade poidese saír a recoñecer ás persoas que tiñan tullas de pan en gran de centeo e trigo para socorrer a falta e necesidade (Acordo do 17 de marzo).

Houbo moita fame, de novo, no ano 1697 e o bispo Damián Cornejo ordenou que se abrisen as tullas dos conventos de Oseira, Montederramo, Xunqueira, Celanova, Ribas de Sil e os demáis da diocese, para que os labregos acudisen a aprovisionarse (Fernández Alonso, Benito. "Efemérides". BCMO. t. VIII, p. 322).

Volve ser de gran carestía e esterilidade de grans na cidade o ano 1710 (Acordo do 17 de xuño). O 5 de setembro denuncian que se sacan moitos grans da provincia de Ourense para a de Tui e outros confíns do mar, pese a cortidade da colleita dese ano, que é moito menor cá do ano anterior no que chegou a valer a fanega de trigo 120 reais e a de centeo, 85.

No ano 1739 (Acordo do 6 de xuño) as 101 fanegas de trigo que o correxedor de Ponferrada mandou a Ourense eran de mala calidade, con moita mestura de avea, "breza", "negrilla" ou cizaña e po e moitos grans están picados de murrión e podres, de forma que non teñen fariña ningunha e o que dentro teñen é po negro. Piden que se suspenda o envío de 500 fanegas que estaban para vir.

As panadeiras, especialmente as de Cea, no ano 1754 (Acordo do 30 de abril), vendían o pan de trigo a ollo e sen peso, *so color* de que dito pan é máis esponxoso. Acórdase que todo o pan de trigo se venda por peso na praza e postos públicos, as panadeiras da cidade a 4 cartos a libra e as panadeiras de Cea, a 5'5 cartos, "atento ser más ligero y esponjoso".

A carestía volve a rondar dez anos despois. O concello, por acordo do 12 de maio do 1764, manda que non se venda pan fora do reino e que o vendan á cidade e que as xustizas de cada xurisdicción fagan recuento do que teñan e non o saquen fóra da provincia, so pena de 50 ducados.

Catro anos despois (Acordo do 9-III-1768) o Real Acordo, en resposta a unha petición da cidade, mandou renovar os oficios cos provisosores do bispado a fin de que os eclesiásticos puxesen en venda os grans sobrantes a prezos económicos e que as xustizas da provincia fagan que os veciños eclesiásticos e seglares que tivesen grans os vendesen dentro dos seus domicilios sen permitiren que foran a outros reinos.

No ano seguinte seguía habendo carestía de grans e fixaxe o prezo (Acordo do 15-IV). O 5 de maio (Acordo) a R. Congregación do Apóstolo Santiago notificalle á cidade a concesión que o Rei fixera de 1'5 millóns de reais para facer acopios de grans "en alivio de los naturales del reino en la gran necesidad que padece y otro millón y medio a empréstito".

O concello, en 1782, prohibe facer pan branqueado, pois véndese centeo con ese nome (Acordos, f. 203 v.).

Por iso o abastecemento do pan era unha das preocupacións dos municipios. Os prezos dos abastos eran fixados polos concellos, que decidían cando subían ou baixaban. Os seus representantes vixiaban as existencias de trigo e centeo no pósito e intentaban evitar posibles desabastecementos, mandando mercar trigo cando se sospeitaba que a colleita vindeira podía ser escasa ou decidindo vender a fariña ou gran do pósito antes de perder beneficios. Actuaban, igualmente, contra os panadeiros que incumprían os prezos marcados polo concello, encargábanse da redución do prezo do pan cando había perigo de desabastecemento da poboación, dosificaban a saída do gran do pósito en épocas de escaseza, procurando impedir a elevación abusiva dos prezos do pan. As veces, pedían a colaboración dos rexedores para solventar as épocas de escaseza, solicitando que se vendese ó concello parte da colleita de trigo; outras veces acudían á lugares afastados para solventar as carencias de gran e obtelos a prezos moderados.

A *creación dunha alfóndiga* na cidade de Ourense foi reclamada polo concello xa no ano 1565. Segundo unha Memoria do que Pero Hernández tiña que pedir en Corte a S. M. e señores do Consejo " esta ciudad tiene gran necesidad de hacer una casa para alfóndiga donde se pueda repartir el pan crudo y cocido y venderse en ella que de no la aver el pueblo hes mal sustentado y probeydo y los traxineros e recoberos son mal alvergados... e por esto dexa el bastimento de correr al pueblo"<sup>13</sup>.

Houbo que esperar ata a chegada do primeiro correxedor do século XVI, a finais do ano 1571, para darlle un novo pulo. O 3 de xaneiro do ano seguinte, este dilixente funcionario, Lcdo. Vivanco, acorda en Rexemento fixar un sitio para facer a *alhóndiga* que nunca houbera na cidade.

Ó día seguinte<sup>14</sup>, acórdase que dous rexedores fosen a ver ó bispo para que, sen perxuizo de seu dereito no preito do Curral, consinta que se faga unha casa para alfóndiga nunha parte da praza do Curral. A proposta debeu de caer en saco roto, pois o 21 do mesmo mes acórdase ir a ver un cuarto no hospital de S. Roque, "que era casa propia de la ciudad", para que nun cuarto se fixera paneira ata que "se busque otra cómoda".

O 26 de abril, baixo a prèsidencia do mesmo correxedor, o concello acorda que vaia unha persona á Corte a pedir entre outras providións, unha "sobre los propios desta ciudad y sobre el pan del pósito que se fiziere en la alhóndiga se pueda tomar o tomen a censo seis mil ducados y mas si fuere posible y que el despacho para que con estos maravedís se aya de hazer la alhondiga, comprar pan de pósito para ella porque conbiene

13.- AHPOR. Municipal. Orense. Mazo de escrituras de 1565-6. Libro 174, f. 87.

14.- Acordos.



grandemente que se haga la dicha alhóndiga y se ynbie el despacho con mucha brebedad aunque sea con correo propio”.

Desisten dese plan nun acordo do 16 de maio “porque en el Consejo le habían dicho “que se pidiera prestado el dinero para comenzar la alhóndiga y no se imponga censo hasta que el Consejo autorice.”.

O crédito non foi posible e houberon de pasar varios anos ata que no 20-VIII-1578<sup>15</sup> o bispo D. Hernando Tricio de Arenzana, electo de Salamanca, estando en S. Martín del Castañar, doa á cidade para o socorro dos seus pobres 500 ducados para comprar pan e facer alfóndiga. O concello acepta a doazón o 1-II-1580<sup>16</sup>.

Con este antecedente volven poñerse en marcha as xestións. Mais o primeiro que facía falta era un *edificio* onde albergar o gran.

En vista de que as peticións ó bispo non deran resultado, o concello aproveita a casa do peso da fariña, á beira das casas da Carnecería, para facer a alfóndiga, no mesmo ano 1580.

Fanse posturas á obra o 22 de marzo e o Procurador Xeral, Pedro Rodríguez de la Morera, reclama na sesión do 14 de abril que se remate a obra da alfóndiga, o que ten lugar ó día seguinte.

O 8 de abril pon a obra Hernando de la Callexa, mestre de cantería e veciño da Merindad de Trasmiera, correxemento de Laredo, que traballaba en Ourense con Juan de la Sierra, mestre de obras de Montederramo, nas obras da ponte principal, dende o ano 1574<sup>17</sup>. Consistiría en facer unha porta de arco de canto labrado, dúas fiestras de asiento, tamén labradas de pedra de gran, e dúas ou tres troneiras labradas de gran, e a braza da parede de mampostería a 20'5 reais, asentadas con seu barro e ben cimentada en pena viva, se a houbera; o cemento ata o primeiro sobrado tería 4 pés de ancho e dende alí arriba, tres pés. Entre cada catro pés un “juntoiro” trastrocados uns de outros; todo de boa pedra e as esquinas de pedra de mampostería, escollidas e a picón, labradas. Levaría un portal de arco de pedra de gran e no alto dúas fiestras de asiento con súas “sejas” e capialzado, moi ben labradas, e tres troneiras tamén de canto labradas. Todo asentado e revocado con cal. Remataríase a obra no mes de maio primeiro. Despois de feita a obra, dous oficiais nomeados por ámbalas dúas partes taxarían<sup>18</sup>. O concello acepta a postura o 15 do mesmo mes.

15.- Acordo de 1 de febreiro.

16.- Acordos.

17.- AHPOR. Protocolo de Juan Soto. 1574, f. 190.

18.- AHPOR. Municipal. Ourense. Mazo de 1589. Libro 184, f. 335.

Ante a queixa de Calleja porque, estando rematada a obra, o concello non nomeaba oficiais para taxala con prexuízo para el, o Correxedor, Dr. Mota, e os rexedores Pedro Díaz de Cadórniga, Gómez Pérez e Juan de Nóboa de Puga, e o Procurador Xeral Pedro Rodríguez de la Morera, o 18 de agosto nomean taxador o canteiro Pedro de la Vega, veciño da Costa de Asadur, e polo Calleja, o canteiro Juan Ramos, veciño de Ribadavia.

O 22 do mesmo mes taxan a obra os dous citados oficiais:

A porta grande principal, sen o escudo de armas, 25 ducados; a segunda porta, de canto labrado, 9 ducados; as dúas fiestras de asento, na dianteira da casa, cada unha 9 ducados; as outras dúas fiestras rasgadas, a 8 ducados cada unha; Unha pedra na que estaba feito o cano da paneira, medio ducado; as 71 brazas e media da parede de mampostería, medidas pola *braza clabera* da cidade, "cuyo marco está en las puertas de la carzel", a 20'5 reais. En total, 2.131 reais. O Correxidor manda librar o 29 de agosto os 631 r. que se lle debían.

Non se rematou a alfóndiga ca obra de cantería. En 26-VII-1582 o Procurador Xeral Pedro Rodríguez de la Morera denuncia no Rexemento que o carpinteiro Juan García que tiña ó seu cargo facer a obra de carpintería e cobrara xa 150 reais para acabar de sollala para poder botar o pan, no na fixera e gastara o diñeiro, co cal no se podía botar o pan e perdíase a ocasión de compralo. Pide que lle den prazo de un día para rematar a obra. O correxedor Lcdo Landeras, ordena que se faga o pedido.

O 16 de agosto o mesmo Procuradora comprara 32 fanegas de cal para revocar as paredes<sup>19</sup>. As fiestras estaban feitas o 21 de xaneiro de 1583, pero faltaba asentalas. O carpinteiro pide que as taxen e paguen<sup>20</sup>.

*Estatutos da alfóndiga.* Ó mesmo tempo, o Correxedor Dr. Francisco Mota, xunto co Rexemento, mandan ó reino de Castela, ós lugares donde había alfóndigas, unha persoa para que trouxera as instrucións e condicións con que se administraban. Estudiasas, dáselle o 24- I-1581 as seguintes instrucións para o seu funcionamento:

Atento que a cidade a custa dos poucos propios que tiña ten feita unha casa na praza da Carnicería para alfóndiga con aposentos moi cómoda para o pan que se compre cos 500 ducados, a véspera do mes de xaneiro elixiríase un depositario no concello que custodie por un ano, obrigatoriamente, garde e beneficie dito pan e será o que máis votos teña.

19.- AHPOR. Municipal. Mazo de escrituras. Libro 186, f. 64 y 66.

20.- AHPOR. Municipal. Mazo de escrituras. Libro 187, f. 250.

O depositario venderá, comprará e repartirá o pan, cando, onde e ós prezos que o axuntamento lle mandase, previa autorización, so pena de 10 ducados por cada fanega que prestase sen autorización. Empregaría o diñeiro que houberse cando o axuntamento llo ordenase. Prestaría o pan sen dilación a quen o axuntamento llo ordenase. A ganancia debía ser moderada nas ven das. O axuntamento senalaría un rexedor para que co depositario comprase, vendese e repartise o pan. O concello nomearía dous deputados, un que sexa rexedor e outro que non sexa oficial do axuntamento, para que administren o pósito co depositario. Os gastos que este fixese nos carros e medidas do pan recibiríanselle en conta, ademáis do salario. O medidor do pan poríao o concello. Se algunhos da cidade tivesen necesidade de pan para sementar poderíaselles prestar sempre que non exceda da cuarta parte do pan que houberse. Ás panadeiras que habían de cocer o pan, que serían as que mellores condicións ofrece-ran para o proveito do pósito, non se lles poderían adiantar máis de 6 fanegas cada vez.

A casa da alfóndiga tería 4 chaves, unha nas mans do correxedor, dúas os dous deputados e a outra o depositario principal, debendo xuntarse as catro chaves para meter e sacar o pan por diante do escribán do axunta-mento.

O recrecemento do pan no pósito é deste e non do depositario. O diñeiro do pósito estaría nunha arca con 4 chaves diferentes (nas mesmas mans que as outras). O diñeiro proveñiente da venda do pan cocido e gran debería levarse á arca no prazo de 24 horas so pena de 10 ducados e 30 días de cárcel a primeira vez, a segunda, a pena dobrada, e a terceira pagaría 30.000 mrs. e desterro da cidade por dous anos.

A arca levaría un burato arriba para poder botar o diñeiro sen abrila e estaría fixa e cravada de maneira que non se poida menear (para sacar o diñeiro polo burato). A xustiza e rexemento da cidade quedaría obrigada a visitar o Pósito catro veces ó ano. O salario do depositario sería de cada 1.000 fanegas de pan, 3.000 mrs., non podendo exceder de 6.000 mrs.

O correxedor e alcalde maior non terían man para tomar nin repartir nada do Pósito, porque esto é de libre disposición do concello, so pena de 20 ducados e os danos ou intereses<sup>21</sup>.

As medidas e precaucións, como vemos, eran severas en tódolas ordes, mais co tempo foron afroxándose.

O 13 de xullo do mesmo ano o correxedor Mota, rexedores e procura-dor xeral dan carta de pagamento dos 500 ducados deixados polo bispo

---

21.- AHPOR. Protocolo de Juan Soto. 1581, f. 88.

Tricio a D. Pedro Noguero, Arcediago de Búbal na Catedral. O concello tivo dificultades para a percepción do legado e houbo de acudir á Audiencia de Galicia, que dictou unha Provisión con apercibimento de execución se non se entregaba o diñeiro<sup>22</sup>.

Ó fin, o 13 de xullo de 1581 o correxedor Mota, rexedores e Procurador Xeral dan carta de pago a favor de D. Pedro Noguero, Arcediago de Búbal na Catedral, dos 500 ducados deixados polo bispo Tricio.

En 20-XI-1773 o Intendente de Galicia pide ó correxedor D. Bernardo Cayetano Losada y Somoza que o informe sobre o Pósito. Este contéstalle que se erixiu con 4.000 e pico de reais había máis de douscentos anos, pero que naquel intre o produto e aumentos que puido ter non chegaban ós 2.000 reais, sendo así que ascendía a 6.000 ou máis. Engade que non puido obter máis datos pola reserva que se lle facía dos documentos (Municipal. Propios. Correspondencia de 1773 Caja 108).

*Movemento da alfóndiga.* E moi difícil de seguir o movemento da alfóndiga ó ser as fontes fragmentarias e dispersas e, ás veces, difíciles de interpretar, pois os libros de contas non sempre están ben levados e coa continuidade esixida.

De todos os xeitos o movemento foi moi grande nos anos de fame e de peste, segundo se pode apreciar nas obrigacións feitas polos que levaban gran dela, pero parece que decreceu a finais do século XVII e no XVIII.

Soía prestarse unha fanega de gran por familia, máis raros eran os préstamos de dúas fanegas, ós conventos e ós Nenos da Doutrina dábanse cantidades maiores e ás panadeiras vendíanselle para panadear e vender cocido.

No ano 1590, entraron na alfóndiga só 30 fanegas de pan; no 1591, vendéronse 253 fanegas de pan; no 1598, compráronse 168 fanegas de trigo; en 1603, mercáronse 1.100 fanegas de pan; en 1627, 1.542 fanegas; en 631 compráronse 11.548 reais de pan; en 1654, 583 fanegas; en 1657, 14.000 reais; en 1660, 1.000 fanegas; en 1661-2, vendéronse 1.319 fanegas; en 1663, compráronse 700 fanegas e vendéronse 14.000 reais; en 1664, compráronse 731 fanegas; en 1665, 554 fanegas; en 1703 tiña 1.170 reais de caudal; en 1704, vendéronse as panadeiras 2.240 reais de pan; en 1705 tiña de caudal 2.340 reais; en 1709, 1.710 reais; en 1737, 1.770 reais;

22.- AHPOR. Protocolo de Juan Soto. 1581, f. 177

en 1750 obrígrase ás panadeiras a mercar pan da alfóndiga; en 1799 a alfóndiga non merca pan<sup>23</sup>.

23.- No ano 1590 era maiordomo Alvaaro Rodríguez, ó que Pedro Salgado, veciño de Ourense, se obriga a entregarlle 30 fanegas de centeo para a alfóndiga a 11 reais menos cuartillo a fanega (AHPOR. Protocolo de Pedro López de Soto. 1590, f. 631).

Segundo o Libro de Contas dese maiordomo, do ano 1591, vendeuse o trigo a 2'5 ducados a barri-la castelá e comezouse a vender o 21 de maio por orde do rexedor Fernando de Prado. Vendéronse nese ano 253 fanegas a 13'5 reais. As cantidades vendidas ou prestadas soían ser 1 fanega por familia e máis raras 2 fanegas. Ós nenos da Doutrina déronlle 4 fanegas (AHPOR. Caixa 5885: "Memoria del trigo que se vendió en la alhóndiga de Orense en 1591").

Esta Memoria, que ó mesmo tempo é un libro persoalde contas do maiordomo, atópase encaderada con unha cuberta de pergameo de un misal impreso, que leva a foliación CCXXIX, nun preito entre Ana Rodríguez co coengo Juan Pérez de Nóvoa pola herdanza do coengo Francisco Rodríguez.

En 1595, sendo maiordomo Sebastián Rodríguez, a alfóndiga presta moito pan centeo a 14 reais a fanega (AHPOR. Protocolo de Pedro López Soto. 1595, f. 212).

Do ano 1598 consérvase o Libro de razón do pan (AHPOR. Municip. Contas do Pósito. Caixa 121) que mostra o mal levadas que eran as contas. Ó parecer, o 7 de xuño o maiordomo Martín Rodríguez mercou 168 fanegas de trigo en *Villavieja*.

Nos anos 1603-4 o maiordomo Alvaro Pérez quen merca arredor de 1.100 fanegas de centeo na feira de Manzaneda, da igrexa de Sabucedo do Monte, Maceda, do abade de Ambía e S. Cibrán de Covas. e polo miúdo certas cantidades en Ourense. Vendeuno a 12'5 e a 14 reais a fanega, de acordo co prezo que corría nas feiras. Os gastos nese ano foron de 83 reais. Tómalle as contas o correxedor, Lcdo. Castaño (AHPOR. Municipal. Orense. Mazo de escrituras de 1603-4. Libro 195, f. 143).

No ano 1627 o Correxedor Bartolomé Bonifacio Almonacid, os rexedores deputados, Lcdo. Inocencio Salgado e D. Antonio de Arroyo Valcarce, e o Procurador dos veciños, Lcdo. Pedro Bravo de Herrera, tómanlle contas ó maiordomo Antonio López. O cargo foi de 1.542 fanegas de pan, comprado a 17 e 15'5 reais fanega co diñeiro obtido no ano 1625. Once fanegas e unha tega foron de mermas; 1.340 fanegas panadeáronse e deron vendidas en gran ós veciños, a 22 reais a fanega, en total, 29.480 reais; 40 reais déronselle ó que mediu o pan, 20 reais para un candado forte coa súa chave que se fixo para a tulla; 117 reais de salario do maiordomo, 1 real que levou o correxedor pola aprobación desta conta; 30 reais déronselle á persoa que axustou a conta e a puxo en limpo e por poñer un traslado dela no libro do Pósito (AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez de Herrera. 1627, f. 348).

En 1631, o Correxedor Dr. Pedro de Angulo, de orde do R. Consello, toma contas, coa presenza de dous rexedores, a Pedro de Lago, un dos maiordomos do Pósito, do movemento do ano 1630. Mercara pan ó mercader de Ourense, Antonio de Araújo, a Pedro Vázquez, abade de Asadur, ó Lcdo. Martín Diéguez, abade de S. Breixo de Trives, e a D. Diego Mosquera. O cargo de pan ascendía a 11.548 reais e o de diñeiro, a 9.372 reais. O descargo foi de 11.134 reais, sendo alcanzado, polo tanto, en 414 reais. Dera ó convento de San Francisco por ser o ano estéril, 4 fanegas que sumaron 120 reais (AHPOR. Protocolo de Diego Sánchez de Herrera. 1631, f. 777).

No ano 1654, vendéronse 583 fanegas de pan, a 17, 16 e 15 5 reais.

En 1655, 100 fanegas, a 16 5 reais.

En 1656, mercáronse 15.718 reais de pan da tulla de Rocas e ó abade de Queixa.

En 1657, 14.000 reais.

En 1659, compráronse 659 fanegas, que quedaron reducidas a 639 polo 3% de mermas. Vendéronse 515 a 24 reais e quedaron en ser 124. Neste ano sacáronse 756 reais para os gastos dos cabalos do Marqués de Viana, Gobernador e Capitán Xeral de Galicia, por dúas veces que estivo na cidade, 500 reais de salario do maiordomo e 100 de salario do medidor do pan.

En 1660 compráronse 100 fanegas de pan a D. Antonio de Arrojo Bolaño, a 10 reais, e 900 fanegas a Esteban Feijóo, veciño de Vilanova, ó mesmo prezo.

En 1661-2, cárganselle 1.319 fanegas vendidas ás panadeiras para dar pan cocido ós veciños. Comprouse o pan a 30 reais a fanega, entre outros, ó mosteiro de Celanova, dos seus prioratos de Rocas, Sta. Comba e Rabal, e a Francisco Suárez de Ribera. Sacáronse 853 reais para os cabalos dunhas tropas de Flandes que estiveron na cidade.

En 1663, mercáronse a Diego de Araújo, veciño de Viana, 700 fanegas de pan que tiña en Monterroso e Taboada, a 20 reais a fanega (14.700 r.) e vendéronse 14.000 reais de pan. Déronse para os cabalos do Xeneral de Cabalería, Marqués de Penalba, 8 fanegas de pan, que a razón de 20 reais, montaban 160 reais.

No ano 1664 entraron 731 fanegas de pan de moitos lugares: Monterroso, Burgo de Caldelas, Gabin, Boazo, Sobrado de Caldelas, Vilamaior de Caldelas, Piñeira de Arcos, Porqueira, Seixalbo, Escudeiros, Niñodaguia, Tioira e S. Xoan de Río. O 21 de maio se mandan vender 300 fanegas de pan a 25 reais e que se pregoe que as panadeiras acudan a atomar o pan e que vendan a libra a 9 reais.

O maiordomo Bartolomé Díaz Pillado dá de cargo de grans 730 fanegas e 4 5 tegas de pan que entraron en dito ano e, baixados 21 fanegas e 4 5 tegas das mermas de dita cantidade ó 3%, quedan líquidas para dar conta 709 fanegas. Por acordo da cidade vendéronse 487 fanegas e 1 tega, a 25 reais = 12.180 reais, e 212 fanegas, a 24 reais = 5.088 reais. É alcanzado en 9 fanegas e 4 tegas.

Neste ano vendéronse 8 fanegas a 25 reais = 200 reais para os cabalos do Marqués de Penalba, Xeral da Cabalería do Reino.

En 1665, mercáronse 554 fanegas e, baixadas 16 fanegas das mermas ó 3%, quedan líquidas para vender e dar conta 537 5 fanegas, das que se venderon a 28 reais 423 fanegas e 109 fanegas a 26 reais.

Este ano tivo a alfóndiga que adiantar 340 reais, por mandato do rexedor Pedro Sotelo de Nóvoa, para a compra de 10 fanegas de cebada para os cabalos do Rexemento francés.

Neste ano compránselle 300 fanegas ó Priorato de Rocas, pero como había que traelas a cidade, a Xustiza e Rexemento de Ourense comunicalle ás xurisdiccións de Rocas, Piuca e Bustavalle, Niñodaguia e Pereiro de Aguiar que poñan carros para os trasportes e que o pósito pagaría polo transporte a real por fanega. Reparten 20 carros para Rocas, 12 para Aguiar, 3 para Piuca e Bustavalle e 4 para Niñodaguia.

No ano 1673, cómpraselle o gran ó mosteiro de Oseira a 29 reais fanega sen os portes.

En 1702, o maiordomo Alonso de Soto, ferreiro, manifesta que facía 6 ou 7 anos que pedira ó Correxedor que lle dese licencia para que se puidese obrigar ás panadeiras a que comprasen o pan do Pósito por forza por ir baixando moito e serían 30 fanegas e que así o venderían.

En 1703, o caudal do pósito era de 1.170 reais.

En 1704, importou a venda do gran ás panadeiras 2.340 reais por haber abundancia de gran.

En 1705, o Correxedor, Lcdo. Diego de Cosío Bustamante, manifesta que a alfóndiga non ten conta formal algunha de empregos e vendas de grans *"ni se usa de el en la forma dispuesta por la ley real que trata de los Pósitos y alhóndigas y que sólo se gobierna por acuerdos de ayuntamiento... y ese año del caudal de que se había de hacer empleo no se ha hecho habiendo entregado 2340 r. a D. Antonio de Ulloa Pardo como comisario o diputado de dicho pósito para que comprase los granos, que piensa proponer al ayuntamiento inmediato para que de la omisión les pase el perjuicio que haya lugar y en adelante haya cuentas formales"*.

No 16 de novembro de 1706 as cousas no melloraran, pois o memo correxedor dí *"que por no haberse comprado grano para el pósito el año anterior protesta requerir a los capitulares del ayuntamiento que nombren depositario del pósito en quien entre el caudal que haya en dinero por su cuenta y riesgo y se emplee en granos y en adelante que haya cuenta formal y se beneficie y administre según ley"*.

En 1709, o Oidor D. José Lezana y Zúñiga, alcalde maior máis antigo da R. Audiencia, xuíz de residencia, toma contas ó Depositario do Pósito, Juan González de Camba, do ano 1707- Segundo elas, en outubro de 1705 tiña o Pósito 1.710 reais que entregara por orde do Correxedor Cosío a Alonso de Soto, Depositario que fora no ano 1705, e a dita cantidade se lle dera a D. Antonio de Ulloa para empregar en gran.

O Depositario Juan González de Camba recibiu 2.050 reais da man de D. Antonio de Ulloa, que ficou no cárcere en 1712-13.

En 1737, D. José Vicente López de Agra, rexedor perpetuo de Ourense, dá contas do ano 1736 en que foi comisario do Pósito. Recibira 1.770 reais que empregou en gran.

En 1741, o maiordomo de Propios e Depositario do Pósito, Simón de Quintas, declara que déu do Pósito unha fanega de pan centeo en préstamo para cebada dos cabalos do Rexemento de Dragóns de Vatabia, que se atopaban detidos na cidade.

No ano 1750 obrígase ás panadeiras a comprar pan da alfóndiga.

En 1799 non se fixo acopio de grans polo que o concello acorda que se reuna a Xunta (AHPOR. Municipal. Ourense. Acordo do 17 de xaneiro).

A decadencia de esta institución era manifesta e axiña lle van a asestar o golpe definitivo.

O 20 de setembro de 1817, D. Santiago Sanz Martínez, v.º de Orense, declara *"que el poco caudal que existía del pósito se había destinado por acuerdo del ayuntamiento con otras mayores cantidades para cubrir en parte los gastos de la obra interesante y necesarísima de la Fuente Nueva, que se ha construído en la Plazuela del Trigo.*

Esta é a resposta ó auto do 3 de setembro de 1817 de D. Vicente Pedro Rebollo, Correxedor e Capitán a guerra, e do Marqués de Villaverde de Limia, de D. Luis Alvarez Pestaña, D. Antonio Arias, rexedor perpetuo, e de D. Juan Blanco, deputado do común, pedindo que posto que *"el Ayuntamiento Constitucional que dispuso e invirtió los caudales pertenecientes al pósito sin haber dejado documento alguno que acredite la inversión ni las órdenes o facultades que tuviesen para ello,* se lle comunicase ós que compuñan o concello constitucional no ano 1813 e principios do 1814 que no prazo de 30 días entreguen as ordes e documentos que prepararon a inversión de ditos caudais e a súa aprobación.

Non había testemuña nengunha, nada máis que as verbais de cada un dos compoñentes, que, ademáis do Santiago Sanz, eran D. Manuel González de la Carrera, D. José Bernardo de Nóvoa, o Lcdo. Francisco Enríquez, D. Antonio Alejandro de Nóvoa, D. Tirso Pérez Romero, o Lcdo. D. Antonio Pérez Montero, D. Tomás Bobo e D. Bartolomé Garza. Todos respostan o mesmo que o primeiro<sup>24</sup>.

Os *gastos* da alfóndiga consistían no mantemento do edificio da paneira e do das súas tullas, traspalear o gran para que non se estropease, os xornais do mordomo (500 r. en 1659) e do medidor do gran (100 r. en 1659 e 120 en 1664 y 1665) e os dos carretos do gran cando se mercaba con esta carga.

Eran anos malos para a paneira os de abundancia de gran, e dicir, os de boas colleitas, pois era preciso pedir ó concello que obrigase ás panadeiras a que comprasen o pan dela e o cocesen a fin de que non se botase a perder. Isto sucedía no ano 1589 e 1590<sup>25</sup>.

24.- AHPOR. Municipal. Orense. Autos. Caja 121

25.- En 1589, o correxedor e rexemento, dado que o trigo da alfóndiga estaba por vender, acordan que doce panadeiras cozan o trigo e o vendan en pan amasado ata que se consumira todo. En 1590, o Correxedor Diego Coraxo e rexedores, posto que o pan da alfóndiga non se vende e perderíase e as panadeiras nono queren mercar, acordan que se pregoe que ningunha panadeira non poda cocer nen vender pan trigo cocido se non fore de trigo da alfóndiga, e que se venda medio real menos do que se venda na praza (AHPOR. Municipal. Orense. Mazo de escrituras de 1589-90. Libro 190, f. 203 y 107).

As debedas eran outro grave atranco para a boa marcha da institución, pois non sempre era doado cobralas, e, por outra parte era preciso solicitar préstamos ós particulares para mercar o gran; tamén os adiantos de créditos de que botaba man o concello nas súas urxencias, como os grans para as tropas de paso.

*O edificio da alfóndiga.* Como xa vimos, construíuse á beira da Carnecería. Hoxe rua da Privamera, nº 3, por onde ten a entrada, esquina a Praza de S. Marcial.

Sufriu moitos arranxos, retellas, fornecemento de pechaduras de ferro, etc. Así, o 14 de xaneiro de 1667, mandouse arranxar a paneira. Faltáballe unha trabe no pisado que atravesaba as demáis, de 29 pes de longo, e no medio un piar forte; a escaleira estaba en malas condicións e, tamén, as tullas de arriba e de abaixo<sup>26</sup>.

A mediados do XVIII<sup>27</sup> estaba dedicada a peso da fariña e trigo e tiña 8 varas de fronte por 7 de fondo "y ensima tiene un cuarto texado que sirue para la custodia del armamento y bestuario de los soldados del Regimiento Provincial de Milicias de esta ciudad".

Un século despois, no ano 1850, seguía a casa dedicada a peso da fariña, volvendo deste xeito á súa primitiva función, e foi valorada en 27. 226 reais<sup>28</sup>.

En 1857, cando o concello acorda en sesión do 6-X, allear o edificio coñecido como "peso de la harina", tiña 78 metros cadrados e demarcaba por nacente coa casa do Lcdo. D. Lorenzo Méndez, polo mediodía coa praza de S. Marcial, polo ponente coa rúa que saía da Praza de S. Marcial e se incorporaba coa que baixaba desde a do Cardeal á Barreira, e polo norte, coa carnicería, e foi valorada só en 9.647 reais, dado o seu estado deficiente<sup>29</sup>.

Dous anos despois o informe da Comisión de Vendas do Concello expón que a Casa do Peso da Fariña, segundo informe pericial, contiña un piso principal con seis decentes habitacións, outro superior e unha corte con entrada separada e independente, dunha mala adega onde se pesa a fariña, operación que podía facerse en calquera praza ou posto público<sup>30</sup>.

26.- Contas dese ano.

27.- AHPOR. Catastro de Ensenada. I. de Orense. Libro 2564, resp. 22.

28.- AHPOR. Municipal. Orense. Caja 108.

29.- AHPOR. Municipal. Orense. Expediente de enaxenación de terreos e edificios do Axuntamento de Orense. Propios. Caja 109.

30.- AHPOR. Municipal. Orense. Propios. Caja 107.



En 1905 xa estaba en mans privadas e a antiga casa da alfóndiga era propiedade de Dolores Rodríguez García, que vivía nela, e tiña unha superficie de 95 metros cadrados e o edificio estaba valorado en 7.500 pts.

Constaba de planta baixa, entresolo, piso 1.º, dedicado a vivenda, e faiado. A fachada era de mampostería con revoco. Os pisos, escaleira e coberta eran de madeira e poblada de tella árabe a dúas vertentes.

A línea de fachada á rua Primavera tiña 12 35 m. e a de S. Marcial, 8 95 m. Os ocos eran 8 (4 e 4)<sup>31</sup>.

Inda a lembramos coa portada de arco de medio punto e sobre ela un balcón voado. Hai poucos anos foi derribada e construída unha nova que choca penosamente co contorno. Nela foi repostado o escudo da cidade co león. Hoxe está dedicada a panadería.

## 1.2. *As alfóndigas da provincia*

Só temos noticias dispersas e fragmentarias das alfóndigas da provincia, xeneralmente de carácter pío, inda que nalgúns casos pronto se fixeron cargo delas os concellos. Posiblemente houbera moitas máis. Atopamos as seguintes:

En *Viana* había paneira no ano 1598 en que se fixeron moitas obrigacións ó seu favor<sup>32</sup>. No ano 1611 volven facer moitas obrigazóns os debedores<sup>33</sup>.

Inda existía en 1639, pois o Marqués de Viana, D. Rodrigo Pimentel Ponce de León, señor de Allariz, Milmanda e Pereiro de Aguiar, da poder ó Lcdo. Domingo Martínez, Comisario do Santo Oficio da Inquisición, para que vaia a vila de Viana e ás partes onde cumprise para buscar fiadores dun préstamo que solicitaba de 2.700 ducados sobre as rendas de seus estados de Luna e Benavente, e para facer escritura "en razón del consumo de la panera de Viana"<sup>34</sup>.

En *S. Estevo de Valdeorras* había alfóndiga xa no ano 1601, data na que morreu o seu fundador, o abade da súa igrexa, Alonso Fernández. A cantidade que deixou foron 50 moios de pan.

Tománselle contas dos anos 1605 e 1606 ante D. Pedro García, Comisario do Santo Oficio, abade de S. Estevan, ante Juan de Losada, v.º de Vilela, e Luis de Baeça, clérigo veciño de S. Estevan, maiordomos da al-

31.- AHPOR. Hacienda. Libretas de Aparelladores para o Registro Fiscal de Edificios y Solares. 1905. Caja 799, libreta 12.

32.- AHPOR. Protocolo de Diego de Castañeda. 1598, f. 62-98.

33.- AHPOR. Protocolo de Pedro de Castañeda. 1611, f. 63.

34.- AHPOR. Protocolo de Francisco Sánchez. 1639, f. 184.

fóndiga, ó capitán Pedro de Losada, v.<sup>o</sup> de Vilela, que entrou por maior-domo da mesma en 1607<sup>35</sup>.

Levaron de salario os maiordomos 8 moios e 13'5 tegas dos dous anos, a razón de 4 moios cada ano; levou o escribano 3'5 tegas por certos recaudos que fixo tocante á alfóndiga.

Fíxoselle cargo de 70 moios e 9'5 tegas e descargaron 71 moios e 2 tegas. Quedaron alcanzados en 8'5 tegas.

No ano 1615 o concello da feligresía de S. Estevo nombra mordomos e distribuidores do pan da alfóndiga a Lázaro Núñez, clérigo v.<sup>o</sup> de Fontei, e a Francisco Rodríguez dos Cairos, v.<sup>o</sup> de Vilela<sup>36</sup>.

En 1619, son nomeados mordomos para que tomen contas ós anteriores, cobren, den cartas de pago, etc. Pedro de Losada e Domingo Fernández o Mozo, veciños de Fontei<sup>37</sup>.

No ano 1622 os veciños da feligresía, o alcalde ordinario Antonio García e o xuíz Pedro Fernández consideran que a alfóndiga é prexudicial para a república por dar de 8 tegas unha e levar quen a beneficie 5 moios e causa moitas custas e gastos en cobrar o pan á quen se lle dá e nas visitas que se fan da alfóndiga e contas que dela se toman, polo tanto acordan que, atento que a igrexa ten un retablo moi vello, todo o pan que ten a alfóndiga e coas crecencias do ano e co diñeiro que se dé para axuda de facer o retablo, pechar a alfóndiga, e suplican ó bispo de Astorga, como patrono das obras pías, a súa aprobación<sup>38</sup>.

O bispo non estivo polo labor, pois inda no ano 1625 os veciños e concello nomean mordomo a Alonso Pérez, v.<sup>o</sup> do lugar de Vilela<sup>39</sup>.

A mediados do XVIII, segundo o Catastro de Ensenada<sup>40</sup> o común de San Estevo da Rúa tiña unha alfóndiga con 587 tegas de centeo que se reparte entre os veciños da fregresía en maio devolvéndoas en agosto co aumento de cuarterón e medio de gran en cada tega.

No ano 1756<sup>41</sup>, os veciños de *Biobra*, Vilar de Silva, Vascois e Carballeda, Casoio, Soutadoiro, Ríodolas, Puzmazán, Portela de Trigal, Robledo de Domiz, Vilardexeos, Domiz, Viladequinta, Sobradelo e Vila, dan poder a D. Alonso de Losada Segade Bugueiro, síndico procurador xeneral da xurisdicción de Valdeorras, e a D. Julián López Criado, axente de

35.- AHPOR. Protocolo de Francisco Rodríguez. 1613, fol. 83.

36.- AHPOR. Protocolo de Francisco Rodríguez. 1615, f. 130.

37.- AHPOR. Protocolo de Francisco Rodríguez. 1619, f. 120.

38.- AHPOR. Protocolo de Francisco Rodríguez. 1622, f. 471.

39.- AHPOR. Protocolo de Francisco Rodríguez. 1625, f. 225.

40.- AHPOR. Catastro de Ensenada. I da Rúa. Libro 1264, resp. 23.

41.- AHPOR. Protocolo de José Díaz de Prada. 1756, f. 88.

negocios en Madrid, para que os exoneren das cargas que o Correxedor de Ponferrada do Bierzo pretendía impoñerlle porque sendo comprendidos na xurisdicción de Valdeorras e suxeitos no político á R. Audiencia de Galicia e só no militar ó Reino de León, se lles pretendía obrigar á formación de Pósitos, sen comprender ós demais lugares da xurisdicción, por estar situados no Reino de Galicia.

Este caso era un de tantos que promovía a anacrónica división administrativa do Antigo Réxime.

En *Vilamartín de Valdeorras* fundou o 12 de maio de 1771 outro pósito ou alfóndiga de grans D. Antonio Cadórniga y Canal, abade da fregresía e 48 veciños<sup>42</sup>. O abade obrigase a dar na próxima colleita 100 tegas de centeo "teniendo presentes las miserias que en estos años pasados les hizo a los más experimentar la escasez de granos poniendo en la precisión a muchos poco menesterosos en otros tal vez a mendigar o a reducirse a pasar con sus familiares una vida que de semejantes antecedentes fácilmente se deja considerar, viéndose en tan riguroso modo obligados a descaer en el cultivo de sus vienes por no hallarse con las fuerzas nezarias para ello y faltarles a no pocos el pan para cultivar sus campos especialmente en los meses de mayo y junio, no dispensándose la caridad de alguno que le sobren rentas o diezmos lo que arguia en el siguiente año /acaso/ maior indizez por todo lo qual y para en parte subvenir al remedio de semejantes calamidades, fundan un pósito y alhóndiga de granos en dicho lugar con las condiciones siguientes:

Hacer una panera los vecinos para a lo menos 600 tegas de centeno y de hecha se obliga D. Antonio Cadórniga a dar de limosna por una vez 100 tegas de centeno en la próxima cosecha del presente año. Cada uno de los otorgantes pondría en la panera, al mismo tiempo que D. Antonio, entre las 100 tegas, media tega de la misma especie para que sirva de fundación.

D. Antonio y los sucesores en la abadía con dos hombres que nombre el concejo del lugar asistirán a distribuir el centeno el primero de mayo de cada año a los que quieran sacarlo de los que intevienen en la fundación y todos queden obligados a devolverlo en el día que señalen el párroco y los dos hombres nombrados y el que llevase el pan devuelva de aumento en cada tega media maquila. Si no lo devolviese en el plazo señalado pagaría de multa media maquila más en cada tega, además del aumento, y si no volviesen a devolver, se utilizara la justicia.

Además se llevaría un libro de cuenta y razón.

42.- AHPOR. Protocolo de José Antonio Fernández Serrano. 1771, f. 104

En *Castro Caldelas* foi creado polo bispo de Astorga, no ano 1773, un pósito eclesiástico, administrado polo concello do Castro, sendo máis tarde volto a administrar no século XX polo abade do Burgo<sup>43</sup>.

O pósito de *S. Estevo de Sandiás* foi fundado polo Lcdo. Juan Ortiz de Hervi, presbítero de Calahorra e abade de Sandiás, presentado para este polo Marqués de Viana, D. Pedro Pimentel, en 1578. Morreu entre 1594 e 1603 e non sabemos o tempo que durou o pósito.

Outros foron impulsados por señores xurisdicionais:

En *Vilar de Paio Muñiz* (A Merca), o seu señor, D. Pedro Mosquera Pimentel, v<sup>o</sup> de Ourense, morto en 1636, fixo unha paneria-monte de piedade, pero polas protestas dos vasalos reduciuna a mandas pías<sup>44</sup>.

En *Soutopenedo*, o Lcdo. Vázquez Xarpa de Taboada e a súa muller, D.<sup>a</sup> Francisca Feijóo de Nóvoa, crearon un pósito polo seu testamento de 1585, que inda existía no século XVII<sup>45</sup>.

Había pósito en *S. Vitoiro da Mezquita ou Soutomaior*, fundado por D. Jorje Arias Noguerol, Oidor de Sevilla e natural de Ourense, morto en 1634, e pola súa muller D.<sup>a</sup> Damiana de Salcedo. Sería patrono o seu cuñado D. Juan de Gayoso Noguerol y Prado.

Houbo pósitos en *Allariz*. Aínda a mediados do XVIII<sup>46</sup> tiña "un formal que sirvió de panera en la Plaza, de 7 X 24 varas; en *Alcázar de Milmanda*<sup>47</sup> "ay... un formal de casa que antiguamente servía para depósito de pan de esta villa y feligresía a la que llaman Monte de Piedad haviendo mas de treinta años que no se usó de ella para este efecto ni para otra cosa"<sup>48</sup>.

O abade do mosteiro de *Oseira*, Fr. Nicolás Cano, fundou, en 1745, un montepío de 100 fanegas de centeo, que posteriormente se reduciron a 150 ducados cada ano (Clero. Libro 289, f. 18 v.<sup>o</sup>). No 11-XII-1745 foi dotado con un Regramento que firmaron tódolos monxes, incluído Fr. Cristóbal Núñez, Xeneral Reformador que se atopaba de visita no mosteiro. Foi autorizado polo propio Xeneral ó ano seguinte.

Establecíase nel que o abade depositaría tódolos anos 100 fanegas de centeo, que sumasen 60.000 reais, que sería o capital, e a utilidade do ex-

43.- SOTELO BLANCO, Olegario. *Castro Caldelas y su comarca*. Barcelona. 1981, p. 52.

44.- AD. Protocolo de Pedro Alvarez. 1637, f. 37-61 y 1638, f. 126-210.

45.- MARTÍNEZ SUEIRO, Manuel. "Instituciones cristianas populares en Orense. Pósitos, Montes de Piedad, Capital para pago de contribuciones, Protección del arbolado. Dotación de maestros". *Boletín del Círculo Católico de Obreros*, t. I, abril-mayo. 1904, n.<sup>o</sup> 10, p. 78 y sig.

46.- AHPOR. Catastro de Ensenada. RL de Allariz. Libro 7, f. 345.

47.- AHPOR. Catastro de Ensenada. I. de Milmanda, resp. 22. Libro 964

48.- AHPOR. Catastro de Ensenada. RL de Alcázar de Milmanda. Libro 2, f. 403.

ceso que sempre habería polas 100 fanegas depositadas serían consideradas sobras e destinarianse á pleitear a facenda perdida do mosteiro e seus dereitos para impoñer censos.

A comunidade elixiría un monxe depositario do importe dos grans vendidos, que sería o Prior de Partovia, en cuxo priorado se fixaría sitio con porta e chave segura para depósito de grans, segregado das paneiras do mosteiro. Elixiría, tamén, dous monxes contadores que tomasen contas cada catro meses. O depositario poría o importe do gran vendido na arca da comunidade en sitio separado do diñeiro que o mosteiro poidera ter alí.

A finalidade deste Monte de Piedade, como se lle chama, era subvencionar ó abade nos casos en que necesitado notoriamente de diñeiro para a manutención da comunidade e precisados a vender os frutos a prezos ínfimos e despreziables non os vendían e se valían do diñeiro deste depósito<sup>49</sup>.

Carácter de arbitrio tíñano as alfóndigas de San Clodio e da vila de Ribadavia.

En *San Clodio do Ribeiro do Avia* o seu mosteiro tiña "una alóndiga pública en el lugar del Puente que trae en arrendamiento Manuel de Raña, vezino de dicho lugar, en 500 r. anuales y para ello cobra por menor de cada ferrado de grano que se mide o vende en dicha alóndiga dos maravedís, cuio derecho es del monasterio de San Clodio y está sujeto a las alcualas que este perziue y otras urgencias de dichos vezinos"<sup>50</sup>.

Á vila de *Ribadavia* Felipe III concedeulle privilexio de alfóndiga<sup>51</sup>. No ano 1616 o concello obrigase a pagar 10.000 reais sobre os oficios e rendas seguintes: dereito e aproveitamento da alfóndiga e fanega, que é o que pagan os forasteiros do pan en gran coas medidas que ó arrendador lle dá a vila para tal fin e para a sal, o peso maior do concello, que todo anda arrendado xunto coa obriga de que o arrendador sirva a alcaldía da cárcere, porque doutra maneira non había quen a quixera servir; ese ano estaba arrendado en 47.124 mrs.

#### *Arrendamento da alfóndiga*<sup>52</sup>

1891-2 .....	4.730 ptas.
1892-3 .....	4.500 "
1893-4 .....	3.560 "

49.- AHPOR. Clero. Oseira. Libro 829, f. 18 vº y Casa Matriz.

50.- AHPOR. Catastro de Ensenada. I. de S. Clodio, resp. 23. Libro 2175.

51.- AHPOR. Municipal. Ribadavia. Caja 380, f. 14.

52.- AHPOR. Municipal. Ribadavia. Caja 505.

1894 .....	14.260 reais (3.560 ptas.)
1895-6 .....	3.005 ptas.
1899-1900 .....	1.805 "
1900-1901 .....	2.732 "
1902 .....	2.151 "
1903 .....	1.620 "
1904 .....	1.280 "
1908 .....	1.908 "